

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Expediente 10.305-320

ACTA DE APERTURA DO SOBRE ÚNICO DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DE TRAMITACIÓN ABREVIADA DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DUNHA BOMBA DE CALOR PARA O AUDITORIO DO CMD DE TEIS

Con data do 6 de abril de 2022 publicouse no perfil de contratante o expediente do procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do subministro e instalación dunha bomba de calor para o auditorio do CMD de Teis, aprobado por acordo da Xunta de Goberno local na sesión do 25 de marzo de 2022.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, o 22 de abril de 2022 ás 12:00 horas, reuníronse a xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (Resolución do 11/04/2022) coa técnica de Administración Xeral de Contratación (por delegación da xefa do Servizo de Contratación de data 21 de xuño de 2019) para a apertura do sobre único de conformidade co previsto na cláusula 20.1 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

Segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral presentaron proposición os seguintes licitadores:

1. ACEUVE MANTENIMIENTO, S.L.
2. CLIMAWORK
3. LEMOS RENOVABLES, S.L.
4. SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO, S.A.
5. TERMOCALOR VIGO, S.L.

As asistentes manifestaron non ter conflito de intereses cos licitadores.

Procedeuse á descriptación das proposicións a través da Plataforma de Contratos do Sector Público co seguinte resultado:

	Licitador	DEUC	Anexo II PCAP	Acreditación habilitación profesional*	Prezo sen IVE
1	ACEUVE MANTENIMIENTO, S.L.			Non presenta	44.534,22 €
2	CLIMAWORK	X	Non presenta	Non presenta	44.600,00 €
3	LEMOS RENOVABLES, S.L.	Non presenta	Non presenta	Non presenta	Non se axusta ao



	Licitador	DEUC	Anexo II PCAP	Acreditación habilitación profesional*	Prezo sen IVE
					modelo de proposición ¹
4	SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO, S.A.		Non presenta	Non presenta	39.637,42 €
5	TERMOCALOR VIGO, S.L.			Non presenta	42.073,20 €

* Esixida no apartado 14J do Anexo I -FEC- do PCAP (“Os licitadores deberán cumprir co establecido no artigo 36 do Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Instalacións Térmicas nos Edificios (RITE) en canto á habilitación como empresas instaladoras autorizadas de instalacións térmicas de edificios, debendo ter presentado, previo ao inicio da actividade, ante o órgano competente da comunidade autónoma na que se establezan a correspondente declaración responsable na que o titular ou representante legal manifieste que cumpre los requisitos que se esixen por este regulamento”).

¹ A oferta de LEMOS RENOVABLES, S.L. non se axusta ao modelo de proposición recollido no apartado 5 do Anexo I -FEC- do PCAP (artigos 139 da Lei 9/2017, do 8 de novembro e 84 do RD 1098/2001, do 12 de outubro) nin contempla como partida independente o importe do IVE. Así mesmo, indica “Debido al actual incremento de precios por la escasez de materias primas, no podemos garantizar el precio de la partida del material del apartado 1 y 2. El material de estas partidas se facturará según lo que marque la tarifa actual de dicho momento” polo que o prezo pode variar.

Á vista da documentación presentada, procede:

- a) De conformidade coa cláusula 20.2 do PCAP, non admitir a LEMOS RENOVABLES, S.L. neste procedemento por non axustarse a súa proposición ao modelo recollido no apartado 5 do Anexo I -FEC- do PCAP (artigos 139 da Lei 9/2017, do 8 de novembro e 84 do RD 1098/2001, do 12 de outubro).
- b) Conceder un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada:
 1. ACEUVE MANTENIMIENTO, S.L.: deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 14J do Anexo I -FEC- do PCAP.
 2. CLIMAWORK: deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 14J do Anexo I -FEC- do PCAP, presentar o anexo II do PCAP e emendar o DEUC (concretamente, deberá responder negativamente á pregunta recollida na parte III “Motivos de exclusión” relativa ao incumprimento das obrigas de cotización coa Seguridade Social).
 3. SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO, S.A.: deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 14J do Anexo I -FEC- do PCAP e presentar o anexo II do PCAP.
 4. TERMOCALOR VIGO, S.L.: deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 14J do Anexo I -FEC- do PCAP.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2022 09:26	Páxina 2 de 3
Expediente/Documento 10305-320	CSV: A4AEA2-E6BC22-BA47AF-7T8DYT-C4D8E3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



Expediente 10.305-320

A documentación deberá presentarse debidamente cumprimentada e con sinatura electrónica.

A técnica de Administración xeral (por delegación da xefa do Servizo de Contratación de data 21 de xuño de 2019)

(sinatura dixital)

A xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (Resolución do 11/04/2022)

(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2022 09:26	Páxina 3 de 3
Expediente/Documento 10305-320	CSV: A4AEA2-E6BC22-BA47AF-7T8DYT-C4D8E3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		